



© Mercado

A urbe lucense desenvolveuse gracias ós mercados e ás ferias. Hai documentos dos séculos XI e XII nos que consta a celebración dunha feira mensual o día 1 de cada mes e outra anual que duraba varios días e comezaba o día de Tódolos Santos, 1 de novembro, precursora das de San Froilán trasladadas ós primeiros días de outubro. O viño, o peixe, o sal, os cereais, o gando, os panos e as ferramentas, eran os principais produtos de transacción. Tamén había dous mercados semanais para o abasto ordinario.

Ten importancia a industria artesanal derivada do curtido da pel e as ferreirías en especial dedicadas á elaboración de ferramentas agrícolas e utenslios domésticos. Moitas das rúas identificanse cos oficios, como a dos Ferreiros, Coiteiros, Zapateiros e Correeiros.

Reimundo de Borgoña, xenro de Alfonso VI, casado con dona Urraca, contribuíu ó renacer da cidade con disposicións que favorecían a feira, defendendo a liberdade coa que debían acudi-los tratantes.

É posible que a feria tivese o primeiro emprazamento nas Cortiñas de San Román, xa que no 1033 xa existe a capela e en 1120 fálase nesta zona do becerril e do foro da cidade. Nos primeiros anos do século XII, facíase fóra do recinto amurallado, no lugar denominado *suburbio lucense*, situado nas inmediacións da calzada ou vía romana XIX a *Iria Flavia*, que saía pola Porta Miñá.

Sen embargo en 1121 o rei ordena que na feira de ano os panos se vendan na rúa do Carballal [San Marcos], a onde se trasladou a feira, permanecendo ali ata que se constrúen os conventos de San Francisco e San Domingos, pois en 1303 chámase ó lugar como *mercado vello*, o que indica que xa está ubicado nas Cortiñas onde permanecerá ata que pasa ó campo de San Roque no século XVI.



# XXII MERCADO MEDIEVAL



Na praza de Pío XII e contorna da Catedral

## LUGO



12 de outubro de 2023



Concello de Lugo  
Concellería de Cultura  
e Turismo



Asociación de antigos alumnos  
Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón



## Programa do Mercado

11,30 Horas

Inauguración na Praza de Pío XII

Unha Aguia de Harris voará sobre o Mercado Medieval traendo nas súas garras o pergameo co pregón de apertura do Mercado.

Durante o día

O Grupo Vita Brevis poñerán a animación musical no Mercado e Cris e Sheila realizarán o baile dos abanicos.

Cetrería, exposición permanente de aves rapaces na carpa do adro da Catedral.

12,00 Horas

Misa en latín

Con ornamentación de época, cantada polo Orfeón Lucense, dirixido por Marcos Fernández Mosquera no altar do Bo Xesús da Catedral.

12,30 Horas

Percorrido histórico polo centro da cidade

Desfile do cortexo con vestimenta Medieval precedido por Cabaleiros Templarios, os músicos do Grupo Vita Brevis e a espectacular execución da Danza do Ventre a cargo de Cris e Sheila.

12,30 Horas

O dúo yemaya poñerá en escea no adro da catedral as sorprendentes Danzas Orientais.

"O Cego" de Javier Tárrega

Serán Os Cegos do Camiño Primitivo, no

adro da Catedral, interpretando coplas e aconteceres no seu peregrinar a Compostela.

13,30 Horas

Cía IMBIRA ofrecerán HULA, a orixinal, fermosa e acrobática danza con aro.

CRISPIN D'OLOT, o gran mestre de trovadores, recreará, en clave de xogar, pasaxes de O Cego.

18.00 Horas

Concerto

Cantares galego-portugueses de música antiga (s. XV, XVI e XVII) polo Grupo ESEMBLE BOREAS: María Neira Neira (frauta travesa), Xosé Fernández Arias (fagot), Diego Fernández Vilela (frauta travesa) e a voz de Paloma Suánzes do grupo A Quenlla, na Catedral, capela de San Froilán. Música: Cantigas de Afonso X, Martín Codax, Haus Newsiedlel e outros.

19.00 Horas

Cetrería

Exhibición en voo libre de voitres, aguias e falcóns. Na Praza de Pío XII e rampla da Muralla

19,30 Horas

KASKABEL e CIA. dando vida a picaresca xograresa e o dúo yemaya fará a espectacular "Danza do Lume"

CRISPIN D'OLOT con Pasacalles Medieval

20 Horas

É chegado o momento da despedida, será facendo que as vosas mercés de solaz gocen sen que cosa algunha lles faltare:

xogos de destreza e picardía, arte de ben trobar e divertimento de danza, no BAILE DOS XOGRARES ao agarimo do embruxo dunha QUEIMADA POPULAR.

22.00 Horas

Peche do Mercado.